



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público polo Servizo da Escola Infantil Municipal e publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora do prezo público polo Servizo da Escola Infantil Municipal e publicación do texto íntegro da ordenanza reguladora

O Pleno da Corporación, con data de 17 de setembro de 2020, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza reguladora do prezo público polo Servizo da Escola Infantil Municipal.

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considerase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE NEGREIRA

ARTIGO 1.º.-FUNDAMENTO LEGAL.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución Española e os artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, este concello establece o prezo público polo servizo da Escola Infantil Municipal de Negreira que se rexerá pola presente ordenanza e adaptarase ás modificacións que introduza nesta materia a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ARTIGO 2.º.-SUXEITOS OBRIGADOS.

Estarán obrigados ó pagamento das cantidades que se establezan como prezos os pais, familiares ou titores legais ós que corresponda a patria potestade dos nen@s en situación de alta na Escola Infantil Municipal de Negreira.

A obriga de pagar nace dende o momento de iniciar a prestación do servizo.

ARTIGO 3.º.-PAGAMENTO.

O prezo polo servizo da Escola Infantil Municipal de Negreira fíxase tendo en conta o Decreto que neste senso ditou a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro (DOG 17 de 25 de xaneiro de 2012).

Para efectos de poder establecer o prezo correspondente a cada usuari@ terase en conta o número de horas de asistencia do nen@ á escola, a utilización ou non de servizos complementarios e a renda per cápita mensual da unidade familiar.

A renda per cápita mensual da unidade familiar computarase seguindo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

- Os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento dos pais/nais, vivan independentes destes.
- Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ó 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano o que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0 – 3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0.8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ó seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

As franxas horarias que se establecen son:

a) Media xornada (ata catro horas), de mañá ou de tarde, á que corresponderá o cincuenta por cento do prezo polo servizo da escola.

b) Xornada completa (oito horas), distribuídas de mañá ou de tarde, á que corresponderá o cen por cen do prezo pola servizo da escola.

Os pais/nais teñen que fixar o horario no que o nen@ vai estar na escola o máis preciso posible, para deixar a posibilidade de que outros nen@s accedan tamén á mesma.

MATRÍCULA

O importe da matrícula por curso de cada nen@ que asista á Escola fíxase en 30.05 €.

PREZOS

1. Prezo de atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no apartado 3.

Cando un alumn@ teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo pola atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. Prezo por servizos complementarios.

a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 3,80 €/día.

b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os usuari@s poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ó usuari@ será de 21,16 €.

O prezo de hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

Se o incremento é nun día solto o prezo será de 2€ cada hora incrementada.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar.

a) Rendas inferiores ó trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €; servizo de comedor: 0 €/día.

b. Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ó 50% IPREM.

Prezo da praza: 0 €; servizo de comedor: 0,95 €/día.

b. Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ó 75% IPREM.

Prezo da praza: 34,91 €; servizo de comedor: 0,95 €/día.

b. Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ó 100% IPREM.

Prezo dar praza: 69,81 €; servizo de comedor: 1,33€/día.

b. Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ó 125% IPREM.

Prezo da praza: 112,13 €; servizo de comedor: 1,90 €/día.

b. Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores o 150% IPREM.

Prezo da praza: 133,26 €; servizo de comedor: 2,66 €/día.

b. Rendas comprendidas entre o 150% e o 200% IPREM.

Prezo da praza: 147,05 € : servizo de comedor: 3,23 €/día.

b. Rendas superiores ó 200% IPREM.

Prezo da praza: 169,26 € : servizo de comedor: 3,80 €/día.

4. Descontos.

4.1. Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) nen@s pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.

b) nen@s pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.

c) o segundo e sucesivos fillos terán un desconto dun 100%.

Entederase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0 - 3 anos, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

4.2 Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fora de prazo, traslado de residencia, etc.), o nen@ ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, o prezo que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

ARTIGO 4.º.-REVISIÓN DOS PREZOS.

Ó longo do curso poderase proceder a revisar o prezo fixado sempre que se produza e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas e familiares que teñan efectos sobre elas. Neste senso serán os pais ou tutores dos nen@s os que quedaran obrigados a comunicar calquera variación que se produza ó respecto.

ARTIGO 5.º.-LIQUIDACIÓN, RECADACIÓN E XESTIÓN.

A liquidación do prezo practícase por meses naturais, debendo aboarse dentro dos 10 primeiros días de cada mes mediante domiciliación bancaria.

CADRO DE PREZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Tramos da renda per cápita	Atención educativa	Comedor	Horario Ampliado/hora
Contías en función do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM)			
Inferiores ó 30% IPREM	0,00 €	0,00 €	21,16 €
Entre o 30% do IPREM e inferiores ó 50% do IPREM	0,00 €	0,95 €	21,16 €
Entre o 50% do IPREM e inferiores ó 75% do IPREM	34,91 €	0,95 €	21,16 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ó 100% do IPREM	69,81 €	1,33 €	21,16 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ó 125% do IPREM	112,13 €	1,90 €	21,16 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ó 150% do IPREM	133,29 €	2,66 €	21,16 €
Entre o 150% do IPREM e 200% do IPREM	147,05 €	3,23 €	21,16 €
Superiores ó 200% do IPREM	169,26 €	3,80 €	21,16 €

CADRO DE PREZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. CURSO 2020-2021 EXCLUSIVAMENTE

Tramos da renda per cápita	Atención educativa	Horario Ampliado/hora
Contías en función do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM)		
Inferiores ó 30% IPREM	0	16,93 €
Entre o 30% do IPREM e inferiores ó 50% do IPREM	0	16,93 €

Tramos da renda per cápita	Atención educativa	Horario Ampliado/hora
Contías en función do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM)		
Entre o 50% do IPREM e inferiores ó 75% do IPREM	27,93 €	16,93 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ó 100% do IPREM	55,85 €	16,93 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ó 125% do IPREM	89,70 €	16,93 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ó 150% do IPREM	106,63 €	16,93 €
Entre o 150% do IPREM e 200% do IPREM	117,64 €	16,93 €
Superiores ó 200% do IPREM	135,41 €	16,93 €

DESCONTOS (non acumulables entre si)	
Familia numerosa	20%
Familia monoparental	20%
Segundos fillos e sucesivos	100% segundo e sucesivos
Ingreso despois do 15 do mes	50% da cota

Os prezos correspondentes ao novo servizo de comedor, así como os prezos rebaxados correspondentes ao curso 2020-2021, terán eficacia retroactiva e rexerán dende o comezo do mesmo.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

O día da entrada en vigor de esta Ordenanza queda derrogada a normativa da mesma índole e rango vixente ata dita data.

DISPOSICIÓN LEGAL. ENTRADA EN VIGOR

Esta Ordenanza reguladora entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, a 06 de novembro de 2020.

Manuel Ángel Leis Míguez

Alcalde-presidente

2020/8161